

Exposicións Viñetas desde o Atlántico 2023

¡Mujercitas del mundo entero, uníos!
Pioneras del cómic underground adulto

LUGAR: Kiosco Alfonso (Xardíns de Méndez Núñez, 3. 15003 - A Coruña)

DATAS: do 7 de agosto ao 10 de setembro

HORARIO: de 12.00 a 14.00h e de 18 a 21.00h

Nas décadas de 1970 e 1980, diversas autoras españolas de cómic adulto revolucionaron o medio ao reformular coas súas viñetas a representación feminina. Afastadas do idealismo imperante e fronte á invisibilización promovida polo contexto social e político do momento, estas historietistas -de procedencia, saberes e modos de facer dispares- instauraron un panorama de gran diversidade estilística e narrativa, con historias rebosantes de reivindicación feminista e denuncia sociopolítica, que cos anos darían paso a unha estética máis libre e experimental e a temáticas e inquietudes máis persoais. Elas son, entre outras, Núría Pompeia, Rosa Lleida, Sara Presutto, Montse Cravei, Isa Feu, Mariel Soria, Marika Vila, Marta Guerrero, Pilar Ferreiro Bendicho, Ana Juan, Mamen la del Café, Vitoria Martos, Ana Miralles, Roser Oduber e Laura Pérez Vernetti.

¡Mujercitas del mundo entero, uníos! Pioneras del cómic underground adulto busca contribuír á difusión de todas estas viñetistas que, co seu traballo, achandaron o camiño a autoras que hoxe poden lanzar as súas mensaxes abertamente e desde unha posición recoñecida. Trátase dun proxecto do Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía, comisariado por Alberto Medina, Raquel Jimeno e Guillermo Cobo.

A mostra en Viñetas desde o Atlántico incluírá, tamén, un espazo de consulta no que estarán representadas autoras de cómic actual, como Flavita Banana, Nadia Hafid, Ana Penyas ou as galegas Begoña García-Alen, Enma Ríos, Roberta Vázquez e Xulia Vicente.

Autoras da exposición:

Núría Pompeia, Marika Vila, Montse Clavé, Mariel Soria, Sara Presutto, Isa Feu, Rosa Lleida, Laura Pérez Vernetti, Pilar Herrero Bendicho, Ana Juan, Rosa Oduber, Ana Miralles, Victoria Martos, Marta Guerrero, Carmen Santos Castilla (Mamen la del Café), Natalia Velarde, Yeyei Gómez, Aroha Travé e Rosa Codina.

Las chicas del Pilar

Poniendo rumbo a nuevas aventuras: cómo nace una historia de cómic

LUGAR: Sala de Exposicións do Palacio Municipal (Praza de María Pita, 1. 15001 - A Coruña)

DATAS: do 7 de agosto ao 10 de setembro

HORARIO: de 12.00 a 14.00h e de 18 a 21.00h

Considerados como dous dos autores máis relevantes no panorama europeo da Novena Arte, a guionista Teresa Radice e o debuxante Stefano Turconi poñeránlle o acento internacional a esta nova edición de Viñetas desde o Atlántico. A exposición que presenta por primeira vez o seu traballo na Coruña propón un discurso expositivo continuo, artístico e didáctico, que mostra, mediante orixinais, o proceso creativo dun dos cómics máis celebrados dos creadores: *Las chicas del Pilar*. O público poderá descubrir borradores, guións, bosquejos, o proceso de coloreado e debuxos finais da historieta, entre moitas outras curiosidades e detalles.

Con *Las chicas del Pilar*, Teresa Radice e Stefano Turconi regresan aos ambientes da novela gráfica que lles fixo famosos a nivel internacional, *El puerto prohibido*. Os dous tomos que conforman a obra, ambientados na Inglaterra de principios do século XIX, reúnen unha serie de relatos dedicados ás prostitutas do Pillar to Post, o bordel que é o epicentro da vida do Porto de Plymouth. Con *Las chicas del Pilar*, os autores abordan temas universais como o racismo, a condición de ser muller, a liberdade e a diversidade, nun emocionante mosaico narrativo, que nos axuda a mergullarnos nos usos e costumes dunha época icónica de tabernas mariñeiras e rúas con cheiro a sal.

Promove: Arts & Projects

Homenaxe a Calpurnio

LUGAR: Sala de Exposicións de PALEXCO (Peirao de Transatlánticos, s/n. 15003 – A Coruña)

DATAS: do 7 de agosto ao 10 de setembro

HORARIO: de 12.00 a 14.00h e de 18 a 21.00h

Eduardo Pelegrín Martínez de Pisón (Zaragoza, 1959 - Valencia, 2022), máis coñecido como Calpurnio Pisón ou Calpurnio, foi un ilustrador, historietista e guionista español. A súa obra máis coñecida son os cómics de *El Bueno de Cuttlas*, que adquiren gran fama ao publicarse durante anos a modo de tira cómica en *El País Semanal*. Outras creacións notables son as súas adaptacións da *Odisea* e da *Ilíada*, así como a do *Tao Te Ching*, que queda inconclusa debido ao seu falecemento. Calpurnio foi ademais autor de numerosos traballos audiovisuais e de artes gráficas, que inclúen carteis, portadas de discos e películas de animación.

Este 2023, Viñetas desde o Atlántico propón un repaso á figura de Calpurnio a través das súas diferentes facetas artísticas, na que será a primeira homenaxe pública ao artista. A mostra *Homenaxe a Calpurnio* rescata para o público 200 pezas orixinais da súa produción de cómics e un centenar de obxectos de colección relacionados coa súa figura e os seus emblemáticos personaxes, como libros, portadas de discos, secuencias das súas películas, etc.

Comisarios: Álvaro Pons e Asier Mensuro

Alberto Vázquez: do cómic á animación

LUGAR: Sala de Exposicións de PALEXCO (Peirao de Transatlánticos, s/n. 15003 – A Coruña)

DATAS: do 7 de agosto ao 10 de setembro

HORARIO: de 12.00 a 14.00h e de 18 a 21.00h

Viñetas desde o Atlántico ofrece unha oportunidade única para mergullarse no universo artístico do multipremiado creador Alberto Vázquez, destacado director de animación, ilustrador e debuxante de cómics nado na Coruña, que este 2023 alzouse cun Goya pola súa longametraxe de animación *Unicorn Wars*.

Alberto Vázquez: do cómic á animación ofrece unha coidada selección de pezas que desvelan o característico traballo iconoclasta do artista -protagonizado por animais antropomorfos- e as súas temáticas universais de ámbito social. O público poderá explorar o seu singular enfoque creativo a través dos orixinais dos seus cómics *Psiconautas*, *El evangelio de Judas*, *La caza* e algunhas historias curtas; e poderá mergullarse tamén nos seus procesos de animación grazas a *layouts*, deseños de personaxes, arte conceptual e orixinais dos seus *storyboards*, realizados a lapis e acuarela, que revelan os detalles que dan vida ás súas personaxes e narrativas.

Comisaria: Matilde Rodríguez

VIVE LA VIDA e outras poesías gráficas de Luis Alberto de Cuenca
Por Laura Pérez Vernetti

LUGAR: Casa Museo Picasso (Payo Gómez, 14. 15004 – A Coruña)

DATAS: do 7 de agosto ao 10 de setembro

HORARIO: de 11.00 a 13.30h e de 18 a 20.00h

Na última década, o traballo da gran historietista Laura Pérez Vernetti (Barcelona, 1958), pioneira do movemento *underground* na España dos 80, destaca polo seu achegamento ao mundo da literatura, evocando nas súas viñetas a escritores da talla de London, Rilke, Schwob, Baudelaire, Pessoa, Mayakovski ou Arrabal. Especialmente vangardistas son as obras que se engloban dentro do xénero da poesía gráfica. É dicir, adaptacións ao cómic de poemas das máis ilustres plumas, cuxos versos constitúen o guión das historietas de Laura. Entre outros, Laura dedica dúas novelas gráficas á obra poética de Luis Alberto de Cuenca (Madrid, 1950), titulados *Viñetas de plata* (2017) e *Vive la vida* (2022).

Esta exposición que agora chega á Coruña reúne todos os orixinais do cómic *Vive la vida* e complementase cun audio no que se escoitan os 13 poemas que compoñen a mostra, recitados polo propio Luis Alberto de Cuenca, un dos nosos máis lúcidos creadores literarios e acérrimo defensor e amante confeso da cultura pop.

Máis aló do impactante grafismo de Laura Pérez Vernetti, a medio camiño entre o *underground* ochentero e a elegante liña clara, o que fai que *Vive la vida* sexa un traballo sobresaínte é a sensibilidade única coa que a artista capta o universo interior de Luis Alberto de Cuenca. Laura e Luis Alberto son dous titáns que se potencian mutuamente e que, na viñeta, crean auténtica maxia.

BD na Coruña que bonita é
Banda deseñada creada desde A Coruña

LUGAR: Hall da Sala Municipal de Exposicións Salvador de Madariaga (Durán Loriga, 10, baixo. 15003 – A Coruña)

DATAS: do 7 de agosto ao 10 de setembro

HORARIO: de 12.00 a 14.00h e de 18 a 21.00h

A Coruña é un centro de referencia do cómic a nivel estatal. Nas tres últimas décadas, a cidade viu como nacían e consolidábanse interesantes iniciativas ao redor do universo da banda deseñada. De forma paralela ao gran evento internacional que é Viñetas desde o Atlántico, foron xurdindo interesantes propostas como as xornadas de cómic do Fórum Metropolitano, o festival Autoban ou a plataforma Coruña Gráfica.

No ámbito das publicacións, foi pioneiro o colectivo autoral Polaqua, que chega a facerse co premio ao mellor fanzine no FICOMIC de Barcelona, e, tamén, Demo Editorial, selo xa profesionalizado con máis de 50 títulos editados. Cabe mencionar, do mesmo xeito, a sólida rede de bibliotecas municipais con interesantes fondos de banda deseñada e un gran número de librarías especializadas.

Todo isto contribúe ao crecemento da escena autoral de éxito que anima o panorama profesional local, con autores e autoras que triunfan en mercados internacionais. A Coruña é, tamén, un lugar de acollida, unha cidade na que ninguén é forasteiro e na que se integran con facilidade novos creadores para exercer o seu oficio. Temos de todo, con calidade.

A presente exposición, organizada desde a plataforma Coruña Gráfica e comisariada por Manel Cráneo, recolle unha boa mostra do panorama autoral local na actualidade. Unha fotografía instantánea que ensina un cadro rico e variado en técnicas e estilos e que poñe en valor unha escena da que podemos presumir con orgullo afirmando: “BD na Coruña, que bonita é!”.

A mostra reúne un total de 52 obras de 26 autores: Alberto Taracido, Álvaro López, Bento Carroña, Brais Fierro, Cristian F. Caruncho, David Rubín, Diego Burdío, El Gaudío (Alejandro Gaudino), Inés Vázquez, Jano, Javi Montes, Jorge Peral, Julia Lago, Luis Sendón, Luis Yang, Manel Cráneo, Marcos Calo, Martín Romero, Mateo Alvarellos, Miguel Cuba, Paula Esteban, Roberto Soler, Rodrigo Zayas, Santy Gutiérrez, Xulia Pisón e Xulia Vicente.

XVII Premio Castelao de Banda Deseñada

‘O bico da serea’ e ‘Contando estrelas’

LUGAR: Sala Municipal de Exposicións Salvador de Madariaga (Durán Loriga, 10, baixo. 15003 - A Coruña)

DATAS: do 7 de agosto ao 10 de setembro

HORARIO: de 12.00 a 14.00h e de 18 a 21.00h

Como ven sendo habitual, Viñetas desde o Atlántico expón os traballos gañadores do Premio Castelao de Banda Deseñada convocado pola Deputación da Coruña. Neste caso, a cita contará cos proxectos presentados á edición número XVII celebrada no pasado ano 2022.

Os traballos gañadores e que forman a exposición son os seguintes: na modalidade xeral, a obra ‘O bico da serea’, de Siqi Luis Yang como debuxante e Uxía Larrosa como guionista; e, na modalidade LIX, a obra ‘Contando estrelas’, do noiés Francisco Pérez.

Sobre ‘O bico da serea’, o xurado salientou “a poética e a gráfica” da proposta, ao tempo que indicou que “o guión tamén toca diversas temáticas interesantes e con moita carga literaria que deleita os ollos e estimula a imaxinación”. A obra narra a historia da relación entre unha rapaza preadolescente e unha serea, e nela a vida cotiá e a rutina diaria vanse entrelazando con aspectos fantásticos e mitolóxicos.

Mentres, sobre ‘Contando estrelas’, o xurado menciona “a súa delicadeza e coidada ilustración”, así como o interese por “tratar temas cos que todas podemos sentirnos identificadas, a través das metáforas coas estrelas e por traballar con elementos do imaxinario colectivo”. A obra está composta por relatos curtos, todos eles protagonizados por estrelas, que van tratando temáticas contemporáneas e comúns da sociedade actual como a soidade e a perda.

Siqi Luis Yang (Madrid, 1993) medra na Coruña, cidade onde reside actualmente. Cursa Belas Artes na Universitat Politècnica de Valencia e o máster de Obra Gráfica na Fundación CIEC de Betanzos.

Uxía Larrosa Villanueva (A Coruña, 1993) estuda Belas Artes na Universidade de Barcelona, cursando a especialidade de gravado, e o máster en Cine e Audiovisual Contemporáneo na Universidade Pompeu Fabra.

Francisco Pérez Villanueva (Noia, 1975), quen asina os seus traballos coma Quico, estudou o curso de Gravado e Técnicas de Estampación na Escola de Artes e Oficios Ramón Falcón de Lugo. Colabora con distintas editoriais con traballos de ilustración e portadas.